



Teremos que cantar antes da tebra!

“Nun tempo fun a dona da xerfa e das tormentas, dos rumbos e das illas. Naveguei polos nomes máis fermosos do mapa e dei en debuxar ronseis sobre as cartas, á procura de portos que xamais existiron. (...) Polo horizonte sempre cruzaba un barco e as fiestras enmarcaban xeometrías de guindastres, mastros, bandeiras. Na parede, o almanaque de taco de Miguel Maristany, Efectos Navais, da rúa San Francisco, coas lúas e as mareas e os hortos e os ocasos en puntual suceso. E o barómetro, que predicía as chuvias. Detrás dos muros brancos do Arsenal cabeceaban os paos do Galatea e chiaban as gaivotas.”

Desta alma mareira e do corazón navío de Ferrol fálanos a poeta Xohana Torres no seu discurso de entrada á Real Academia Galega. E continúa:

“O porto de Lorref son recordos da flota do bacallao, da fábrica de xeo e o carro — un vello e un cabalo canso— coa mercancía de reparto a gotear no asfalto. As rúas do porto, que escapaban á meticulosa orde no trazado urbano, eran aproveitadas para fregar a louza nos patios de veciños e poñer a roupa ao clareo. As peixeiras bebían caña cos homes á madrugada e en calquera momento saía música dos locais onde sempre é de noite. Casas consignatarias, escudos dos consulados, Dinamarca, Inglaterra, a memoria repite o cheiro a brea e picadura do estanco, estreitiño, pintado de gris, onde vendían tamén prensa e botóns de nácar. A mirada da nena presente xa o significado das ausencias, a certeza de que sempre haberá algo que non poderá ser, nunca, nin nese tempo en que todo é posible. O mar é o absoluto. Só o pano que se despide marca a dirección da viaxe”.

Tamén Gonzalo Torrente Ballester no seu “Incipit” desa grande aínda que breve obra que é *La boda de Chon Recalde*, desafiábase a alma musical de Villarreal de la Mar, trasunto literario de Ferrol, que Xohana Torres construíu como Lorref. Decía o autor:

“En Villarreal de la Mar, las diferencias sociales se abaten ante la posibilidad de un coro y las disputas sobre fútbol se resuelven cantando en las tabernas –en los cientos de tabernas que encierra la ciudad. Hubo un reformador social que propuso seriamente fundar un orfeón, un gigantesco orfeón de sesenta mil voces, como garantía de felicidad perpetua.”

A música forma parte da alma salgada e corazón rondalla dos ferroláns. É probable que o Sopiñas, famoso xefe de gavela do dezanove ferrolán vise na súa adega da rúa Real traficar con armas, bens roubados nos asaltos dos bandoleiros, moedas de ouro e cancións. Ducias de cancións entoadas por bandoleiros agochados tralas camisas de apacibres comerciantes do Ferrol. Porque se Curuxeiras traía ás obreiras á fábrica dos lapis nos anos trinta, e os estaleiros viron as présas dos obreiros pola liberdade e pola carreira naval, ben é certo que nunca as olladas foran quen de se arredar da boca da ría escoltada polos castelos da Palma e San Felipe. Fóra, a Marola. Barcos fretados por negreiros, por almirantes, por mariñeiros, por obreiros, por exércitos, por avarentos comerciantes, por paseantes golpearon turradamente co seus cascos en terra ártabra e baleiraron os seus cascos de músicas, palabras, tripulacións cosmopolitas e outras variopintas mercadorías. As peixeiras e as tabernas cos seus brazos de escamas e viño apuráronse a rescatar tan fantástico legado das mans dos estibadores e multiplicárono melodicamente nesa cuadrícula ilustrada que son as rúas da cidade. Como un xigantesco orfeón de voces, a música

gabeou da Praza do Marqués de Amboaxe ás casas de Esteiro, perdeuse por Canido e acubillou orgullosa no barrio da Madalena para logo volver fuxir por todo o golfo Ártabro. A música forma parte da alma ferrolá como unha cicatriz incerta dun pasado mariño mercante.

Doutra volta di Torrente Ballester: "Hay, en una palabra, el contraste entre el alma geométrica y racionalista que se impuso, por decreto, a la ciudad, y el alma lírica de las gentes atlánticas, enemigas del límite. Los nacidos en Villarreal de la Mar resuelven el contraste en música e ironía. Nadie como ellos con mayor capacidad para las burlas. Ni nadie tampoco más fácil para la seducción de las almas cantoras. El nacido en Villarreal camina silbando o tarareando. Donde se juntan dos son un dúo; donde más de tres, un orfeón". E respóndelle Xohana Torres co seu Lorref de bacallau e escuma xusto na boca da ría en *Estacións ao mar*:

Teremos que cantar antes da tebra,
marcar o ritmo que acompasan os élitros,
cerimonias solares para erguer os tesouros,
a esperanza contida dentro da luz da tarde.

Na adega do Sopiñas – *un deses locais onde sempre é noite*- un cabaloro repite turronamente aquela frase que lle aprendeu a poeta: "Ouh Lorref, corazón de navío, dique grande para todos. Ouh Lorref, corazón de navío!"

En tanto, a cola reméxeselle teimuda buscando as ondas do mar ao ritmo dunha estraña melodía mestura de habaneira e ladaíña africana.

Teremos que cantar antes da tebra!!!

Rosa Aneiros

